



A plataforma veciñal **STOP EÓLICOS XURÉS CELANOVA** diríxese os grupos que fan parte da corporación do Concello de Bande coa seguinte proposta de moción para que a leven o próximo pleno:

*Ao abeiro da LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALIZA e demais disposicións legais, presentamos a seguinte **MOCIÓN PARA TRASLADAR Á VECIÑANZA DO CONCELLO DE BANDE INFORMACIÓN AO RESPECTO DO PROXECTO DE POLÍGONO EÓLICO QUE A EMPRESA GREENALIA PROXECTOU NO MONTE GRANDE** quedando á espera de que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno, para o seu debate e, se procede, posterior aprobación*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*Segundo figura no Rexistro Eólico de Galiza, na área de aproveitamento eólico que inclúe territorio dos concellos de Bande, Celanova, Rairiz de Veiga e Vereia, hai prevista a instalación dunha central de produción de enerxía eólica na zona do Monte Grande (Bande) que constaría de 13 aerogeradores -segundo o mapa do Rexistro- ou 12 -segundo a empresa promotora, Greenalia- que causarían afeccións severas na vexetación, na fauna, nas augas, na paisaxe e no patrimonio que acolle ese monte.*

*Na primavera pasada, a asociación de montaña ARNAU fixo público un documento de alegacións á instalación da central que sinala varias destas afeccións. O pasado mes de setembro, a plataforma Stop Eólicos Xurés Celanova, impulsora desta moción, recolleu esas advertencias e volveu lanzar a alerta.*

*A empresa promotora, Greenalia, leva semanas negociando cos comunais, e mesmo se entrevistou coa alcaldesa de Bande, Sandra Quintas. Mais nin a empresa nin Administración Pública ningunha, informou até o momento á veciñanza das características, condicións e posíbeis impactos e riscos da instalación dunha central eólica a menos de tres quilómetros do núcleo de Bande e con varias aldeas aínda máis próximas ás máquinas.*

*Por todo o anterior, solicítase a adopción dos seguintes*

## **ACORDOS**

- 1. Instar ao Goberno Municipal a informar á veciñanza de Bande dos detalles do plan da empresa. Desde as afectacións ambientais, patrimoniais e paisaxísticas previsíbeis, até o marco temporal do proxecto que compromete ás xeracións futuras.*
- 2. Instar ao Goberno Municipal a que, nese labor de información, convoque aos actores implicados directa e indirectamente no proxecto de instalación industrial, a charlas informativas abertas á cidadanía.*

**Bande, 11 de outubro de 2021.**

